

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO (INORDE) PARA CONTINUAR COA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS ACTIVIDADES DE CONSERVACIÓN "EX SITU" DOS RECURSOS ZOOXENÉTICOS AUTÓCTONOS DAS RAZAS OVELLA GALEGA, CABRA GALEGA E PORCO CELTA, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN 2023\_2027.**

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

## **REUNIDOS**

Dona María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Don Rosendo Luís Fernández Fernández, actuando en nome e representación do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico, NIF P8200001I, na súa condición de Presidente.

Cada un intervén en función do seu cargo, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar este Convenio de colaboración.



## EXPOÑEN

**Primeiro.** Segundo o establecido no artigo 30.1.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, en materia de agricultura e gandería.

**Segundo.** O Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, modificado polo Decreto 148/2024, do 20 de maio, atribúe á Consellería do Medio Rural, entre outras funcións, a competencia na planificación dos programas de mellora xenética do gando, a organización e control das condicións sanitarias e zootécnicas aplicables ao material reprodutivo animal e o desenvolvemento e control das actuacións de apoio á conservación, uso e desenvolvemento sustentable dos recursos xenéticos na gandería.

**Terceiro.** O Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico (en diante INORDE), é un organismo autónomo de carácter administrativo dependente da Deputación Provincial de Ourense, creado no ano 1987, co obxecto, entre outros, de potenciar o desenvolvemento integrado e equilibrado das zonas rurais da provincia de Ourense. Entre as distintas actividades do INORDE cabe destacar:

- O apoio ao sector gandeiro da provincia de Ourense a través da formación, asesoramento e investigación que se realiza no Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro de Xinzo de Limia.
- O desenvolvemento de programas de recuperación de Razas Autóctonas: actualmente ten en execución actuacións relativas ás razas Galiña de Mos, Ovella galega, Cabra galega e Porco Celta.

Ademais, o INORDE conta entre as súas instalacións cunha finca acondicionada para a realización de actuacións de carácter agropecuario no lugar de Armariz, Nogueira de Ramuín (Ourense).



**Cuarto.** As accións en materia de conservación de recursos zoonéticos planifícanse consonte as disposicións do Regulamento (CE) nº 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello do 2 de decembro de 2021, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os estados membros no marco da política agraria común (plans estratéxicos da PAC), financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e polo que se derrogan os Regulamentos (UE) nº 1305/2013 e (UE) nº 1307/2013, e xestiónanse de conformidade co Real Decreto 1047/2022, do 27 de decembro, polo que se regula o sistema de xestión e control das intervencións do Plan Estratéxico e outras axudas da Política Agrícola Común. Están recollidas na intervención 65052: Actividades de conservación de recursos xenéticos NON SIXC, do Plan Estratéxico da PAC de España 2023-2027, aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2022) 6017, do 31 de agosto de 2022 e as súas modificacións, que deron lugar á versión vixente do PEPAC aprobada por Decisión de Execución da Comisión C (2024) 6133 final, do 30 de agosto de 2024.

**Quinto.** A conservación dos recursos xenéticos pode contemplar actividades de conservación in situ, no seu medio natural, ou ex situ, e dicir, fora dos sistemas de produción onde se desenvolve o recurso, e máis concretamente, as actuacións *ex situ in vivo* comprenden o mantemento de rabaños de cara conservar a diversidade biolóxica fora do seu hábitat. O apoio á conservación e o uso e desenvolvemento sostibles dos recursos xenéticos na gandería deben comprender actividades que fomenten a conservación in situ e ex situ, posto que se complementan.

O desenvolvemento de proxectos deste tipo contribúe eficazmente ao mantemento da variabilidade xenética mediante a realización de cruces dirixidos e permitirá garantir unha reserva de recursos da raza ou razas fronte ás posibles perdas que poidan ocorrer, ben a través da erosión ou como resultado de emerxencias. Ademais, servirá de incentivo para o programa in situ xa que os gandeiros poderán acceder aos excedentes destes rabaños, incorporándoos ás súas explotacións

A subintervención 65052\_01 do Plan Estratéxico da PAC de España 2023-2027, para Galicia, relativa ás asociacións para a preservación dos recursos gandeiros, ten entre os seus obxectivos a recuperación da variabilidade xenética, e a súa potenciación, de



ser o caso, así como implantar mecanismos que permitan aos gandeiros acceder aos fondos xenéticos dispoñibles das razas autóctonas.

A Consellería do Medio Rural e o INORDE desenvolven conxuntamente, dende o ano 2010, actuacións sobre as razas Ovella Galega, Cabra Galega e Porco Celta, nas instalacións pecuarias de Armariz, mantendo rabaños de animais vivos destas razas tratando de preservar a variabilidade das mesmas. No ano 2023, e dentro da submedida 10.2 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2014-2020, asinouse un convenio para realizar determinadas actividades de conservación ex situ dos recursos zootenéticos autóctonos das razas Ovella Galega, Cabra Galega e Porco Celta. A renovación dos compromisos adquiridos supón unha continuidade temporal, imprescindible cando se traballa na recuperación das razas autóctonas.

O desenvolvemento deste proxecto, só é posible coa participación do INORDE, debido ao específico das actividades a desenvolver, as razas afectadas e as instalacións e o persoal necesario para desenvolveselas.

Tendo en conta a importancia deste tipo de actuacións recollidas especificamente no Plan Estratéxico da PAC de España, para Galicia, a Consellería do Medio Rural pretende asinar un novo Convenio de colaboración co INORDE para continuar coa execución de determinadas actividades de conservación "ex situ" dos recursos zootenéticos autóctonos das razas Ovella Galega, Cabra Galega e Porco Celta.

Ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as condicións da colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o INORDE para continuar coa execución de determinadas



actividades de conservación ex situ dos recursos zootécnicos das razas Ovella Galega, Cabra Galega e Porco Celta.

## SEGUNDA. Obrigas de INORDE

Toda a información relativa ao convenio, estará dispoñible nunha web na que se respectará a publicidade FEADER, segundo o establecido nos Anexos II e III do Regulamento de Execución (UE) 2022/129, da Comisión, do 21 de decembro de 2021 polo que se establecen normas para os tipos de intervención relativos ás sementes oleaxinosas, o algodón e os subprodutos da vinificación en virtude do Regulamento (UE) 2021/2115, do Parlamento Europeo e do Consello, así como para os requisitos en materia de información, publicidade e visibilidade relacionados coa axuda da Unión e os plans estratéxicos da PAC e na Instrución da Autoridade de Xestión Rexional do PEPAC 01/2023 Información, Publicidade e Visibilidade.

Relativas á conservación ex situ.

1. Mantemento de exemplares ex situ nas instalacións pecuarias que o INORDE posúe na finca de Armariz, Nogueira de Ramuín:

- Un rabaño de raza Ovella Galega cun mínimo de 100 femias.
- Un rabaño de Cabra Galega cun mínimo de 30 femias.
- Un rabaño de Porco Celta cun mínimo de 16 femias.

Os rabaños complementarase na época de cubrición cos machos necesarios para a realización de cruces dirixidos de mínima consanguinidade para o mantemento da variabilidade xenética.

Todos os rabaños serán mantidos nas axeitadas condicións de nutrición, hixiénicas, sanitarias e de benestar animal.

2. Aplicar un programa de reprodución específico para cada especie e multiplicar o número de animais en cada un, sempre que sexa posible e non se comprometa a variabilidade xenética da raza. Con tal motivo, realizaranse cruzamentos cunha consanguinidade inferior ao 5%.



Os traballos orientaranse cara ao incremento do número de liñas xenéticas, en función da dispoñibilidade.

3. Todos os machos necesarios para o programa de recuperación das razas Ovella Galega e Cabra Galega, trasladaranse ao Centro de Recuperación de Recursos Zootenéticos de Galicia en Fontefiz-Coles, unha vez destetados ou empregados nas cubricións.

4. Xestionar o reparto dos animais excedentes, segundo os criterios previamente establecidos, entre os gandeiros solicitantes de exemplares destas razas.

5. Facilitar apoio ás asociacións de criadores de razas no mantemento ou creación de bancos de xermoplasma.

6. Xustificar, diante da Consellería do Medio Rural, os gastos incorridos na execución dos traballos realizados.

Ademais o INORDE:

7. Porá a disposición do convenio un técnico veterinario con amplos coñecementos do sector das razas.

8. Aportará o persoal administrativo necesario así como os operarios encargados do manexo dos animais.

### **TERCEIRA. Obrigas da Consellería do Medio Rural**

1. Supervisar e participar na coordinación e dirección técnica das actuacións contidas no presente convenio, mediante persoal facultativo do Centro de Recursos Zootenéticos de Galicia e intervir xunto co persoal técnico do INORDE na toma de decisións en materia de bioseguridade, benestar e alimentación animal.

2. Custodiar os bancos xenéticos das razas referidas no convenio.

3. Garantir o status sanitario dos animais da explotación da finca de Armariz.

4. Pór a disposición do INORDE a información das súas bases de datos que sexa necesaria para o desenvolvemento dos traballos, sempre de acordo coa normativa de protección de datos de carácter persoal, de ser o caso.



5. Coordinar o proceso de cesión dos animais excedentarios entre os gandeiros solicitantes.
6. Divulgar as posibilidades produtivas das razas e os valores comerciais dos seus produtos.
7. Asesorar nos apareamentos a realizar entre os reprodutores, de cara a evitar os cruzamentos indiscriminados que redunden na erosión xenética da raza.
8. Colaborar, coa participación activa de persoal técnico e administrativo, nas accións do convenio.
9. Presidir e integrar activamente a comisión de seguimento encargada de avaliar as liñas de actuación do programa e os seus resultados, así como facilitar e impulsar o desenvolvemento dos seus cometidos. Así mesmo, executar todas as accións complementarias que a comisión de seguimento considere imprescindibles para a consecución dos obxectivos do convenio.
10. Aportar para a finalidade do presente convenio, as cantidades estipuladas na cláusula Décimo Quinta.

#### **CUARTA. Gastos financiados**

A Consellería do Medio Rural financiará parcialmente as actuacións do convenio, realizadas a partir da sinatura do convenio.

Achégase, nos anexos ao texto do convenio, o cadro orzamentario coas actuacións a desenvolver por INORDE coa análise dos custos.

O INORDE, estará sometido ao recollido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. Así como ao recollido no Real Decreto 1047/2022, de 27 de decembro, polo que se regula o sistema de xestión e control das intervencións do Plan Estratéxico e outras axudas da Política Agrícola Común, título III, capítulo III, sección 1ª, no relativo aos controis e en concreto aos controis de moderación de custes:



1. Deste xeito, en todos os casos se esixirá, calquera que sexa a contía do gasto, a solicitude dun mínimo de tres ofertas a distintos provedores, con carácter previo á prestación do servizo ou á entrega do ben, agás que polas especiais características da actuación non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren. A escolla entre as ofertas, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.
2. As ofertas detallarán con claridade os conceptos incluídos na proposta, económica e tecnicamente.
3. Ademais, de acordo co artigo 23.1 da Lei 14/2013, de racionalización do sector público, as empresas invitadas nos procedementos de contratación non poderán estar vinculadas entre elas. Esta vinculación apreciarase nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público. Ás empresas invitadas a presentar ofertas esixiráselles sempre unha declaración das empresas coas que teñan vinculación, nos termos establecidos no apartado anterior. No expediente deberá deixarse constancia das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento.

Non obstante o anterior, con independencia do importe e tipo, nos gastos restantes haberá que contemplar igualmente un sistema de avaliación dos custos que permita á administración comprobar o valor de mercado dos gastos, mediante a comparación de tres ofertas.

O Imposto sobre o valor engadido, excepto cando non sexa recuperable conforme á lexislación nacional sobre IVE, non é financiable tal e como se recolle no artigo 29.8, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No caso de que o IVE poida ser financiable, as persoas beneficiarias deberán presentar a xustificación documental de non suxeición ou exención do imposto emitida pola AEAT.

O convenio subscríbese no marco da subintervención 65052\_01 do Plan Estratéxico da PAC de España, para Galicia, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) cunha porcentaxe de financiamento do 80%, o 16%



correspondería ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e o 4% restante á Xunta de Galicia. O financiamento das actuacións do presente convenio non é compatible con calquera outro que proveña de fondos comunitarios segundo o establecido no artigo 36 do Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello de 2 de decembro de 2021 sobre a financiación, a xestión e o seguimento da política agrícola común e polo que se derroga o Regulamento (UE) n. o 1306/2013, pero si o podería ser con outros fondos públicos ou privados achegados para o efecto. A suma das axudas concedidas non excederán a contía do gasto subvencionable nos termos previstos no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### QUINTA. Xustificación

Realizaranse unha xustificación en 2025, e catro xustificacións en 2026 e 2027, e presentación de gastos e pagamentos anuais. As datas límites para estas xustificacións serán o 1 de abril, o 1 de xullo, o 1 de outubro e 1 de decembro nos anos 2026 e 2027. No ano 2025, a data límite para a xustificación será o 1 de decembro.

Con cada xustificación o INORDE debe achegar:

1. Unha certificación do representante legal ou persoa na que teña delegada a representación da entidade, coa relación en detalle das actividades realizadas.
2. Unha certificación do representante legal ou persoa na que teña delegada a representación da entidade, na que se indique a porcentaxe de tempo que o traballador dedica ao proxecto cando se xustifiquen gastos de persoal propio.
3. Os xustificantes orixinais dos gastos e as xustificacións bancarias que acrediten o seu pago efectivo.
4. Unha memoria económica en formato dixital '.xlsx' (táboa de gastos segundo o esquema do anexo)
5. Unha memoria técnico - económica das actuacións realizadas, na que se identifique a finalidade elixible e contemplada no convenio de cada un dos gastos imputados. Neste documento acreditarase o cumprimento das obrigas de publicidade recollidas na cláusula décima. O material consecuente das actuacións será incluído ou reproducido neste documento e cando no mesmo



- se inclúan enlaces á web remitirase xunto coa xustificación unha copia dixital do documento.
6. Unha declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes, ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto.
  7. Unha memoria de moderación de custos segundo os criterios establecidos na cláusula terceira. Nesta farase referencia aos orzamentos solicitados identificando as entidades consultadas, a data da oferta e importe da mesma. No caso en que a oferta elixida non sexa a mais vantaxosa economicamente, a memoria incluirá as motivacións de tal elección.
  8. Certificado do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

A Consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coas actividades realizadas no marco do convenio, incluíndo a relativa ao cumprimento dos requisitos de presentación de datos á autoridade de xestión e ao rexistro de realizacións e resultados.

As actuacións descritas no presente convenio, estarán sometidas a un sistema axeitado de avaliación de custos, con independencia do importe do gasto financiable. De acordo co establecido no artigo 82 do Real Decreto 1047/2022, do 27 de decembro, no que se establecen disposicións relativas aos controis, así como no Plan Galego de Controis (Intervencións PEPAC 2023-2027 – Réxime Feader NON SIXC) os controis administrativos incluirán a comprobación por parte da unidade xestora do sistema empregado para a moderación de custos.

Os gastos deberán responder de xeito indubidable á natureza das actividades recollidas no presente convenio, incluídos os gastos de persoal e os medios loxísticos necesarios. Non se financiarán actividades no Programa marco da Comunidade Europea para accións de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e demostración.



Os gastos ou investimentos realizados deberán acreditarse mediante a presentación dos xustificantes orixinais do gasto e as xustificacións bancarias que acrediten o seu pago efectivo. As facturas presentaranse en orixinal, e marcaranse cun selo indicando nel a actuación para cuxa xustificación foron presentadas e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente ao convenio indicando, neste último caso, a contía que resulte afectada polo mesmo.

Ademais, tendo en conta que entre as actuacións do convenio se recollen actuacións executadas con medios propios achegados por INORDE, concretamente man de obra propia remunerada, coa xustificación documental dos gastos e pago dos traballos executados cos medios propios, deben achegarse as nóminas correspondentes ao tempo dedicado por cada traballador á execución do traballo, certificando especificamente o emprego da porcentaxe de tempo que o traballador dedica ao proxecto, así como a documentación acreditativa do pago das nóminas, cargas sociais e IRPF.

Si se utilizan medios materiais propios, a persoa beneficiaria poderá imputar ao proxecto, a parte proporcional que corresponda dos custos de amortización deses equipos ou materiais durante a vixencia do convenio, custos que deben calcularse de conformidade coas normas de contabilidade, debendo achegar a documentación acreditativa do sistema de cálculo utilizado.

Toda a documentación incluída na xustificación presentarse tamén en formato dixital '.pdf'

## **SEXTA. Relacións laborais**

A subscrición do convenio non supón relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e os empregados de INORDE que desenvolvan as actividades programadas e a Xunta de Galicia.

## **SÉTIMA. Comisión de seguimento**



Para avaliar o desenvolvemento do convenio de colaboración poderase constituír unha comisión de seguimento, composta por dous representantes de cada institución asinante.

Por parte da Consellería do Medio Rural:

- O subdirector xeral de Gandarías ou persoa en quen delegue
- O xefe do servizo de Producións Gandeiras e Benestar Animal ou persoa en quen delegue

Por parte de INORDE:

- O representante legal ou persoa en quen delegue
- O técnico veterinario

Esta comisión encargárase, así mesmo, de establecer e definir criterios e pautas de actuación a seguir, así como de levar a coordinación, a supervisión técnica das accións previstas no convenio e os resultados acadados.

A Consellería do Medio Rural ostenta a prerrogativa da interpretación e resolución de cantas dúbidas e controversias xurdan na aplicación do convenio.

## OITAVA. Informes

INORDE elaborará anualmente un informe analítico das actividades realizadas no marco do convenio, informe que presentará antes do día 31 de decembro nos anos 2025, 2026 e 2027, e aqueles informes que a Consellería considere necesarios para a correcta avaliación do mesmo. Cando sexa posible, en función da natureza das actuacións do convenio, o informe incluírá un apartado relativo á determinación exacta dos obxectivos acadados, que poidan ser postos en comparación coa situación de partida. No último ano da duración do convenio, o informe que se presentará incluírá unha análise do cumprimento das obrigas asumidas coa sinatura do presente convenio

## NOVENA. Plan de controis



A execución das actividades realizadas por INORDE, obxecto do convenio, está suxeita ao plan de controis establecido, de acordo coas disposicións regulamentarias prescritas para os controis de fondos cofinanciados polo FEADER no Real Decreto 1047/2022, do 27 de decembro, polo que se regula o sistema de xestión e control das intervencións do Plan Estratéxico e outras axudas da Política Agrícola Común. Os controis inclúen:

1. Un control administrativo de todas as solicitudes de pago e outras declaracións ou das operacións derivadas dos plans específicos que desenvolvan. Estes controis aplicaranse sobre todos os elementos de admisibilidade que sexa posible controlar por vía administrativa. Os procedementos empregados permitirán rexistrar os controis, os resultados das comprobacións e as medidas adoptadas en caso de discrepancias.
2. O número total de controis sobre o terreo de solicitudes de pago presentadas durante o ano natural representará polo menos o 5% do gasto financiado polo FEADER que aboa o organismo pagador cada ano natural sobre o total da subintervención.

INORDE comprométese a colaborar na execución dos controis nos termos que se precisen. Igualmente, acepta someterse aos controis que legalmente procedan a cargo da Intervención Xeral da Xunta de Galicia, do Consello de Contas, dos órganos comunitarios de inspección e do Servizo de Auditoría Interna do FOGGA.

Ademais, conforme o disposto no artigo 123.2 b) i) do Regulamento 2021/2115, a entidade levará un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable axeitado para todas as transaccións relativas ás operacións relacionadas coas actuacións do convenio e que son financiadas con fondos FEADER.

Para unha correcta aplicación do recollido nesta cláusula atenderase ao disposto na Lei 30/2022, de 23 de decembro, pola que se regulan o sistema de xestión da Política Agrícola Común e outras materias conexas e no Real Decreto 147/2023, de 28 de febreiro, polo que se establecen as normas para a aplicación de penalizacións nas intervencións contempladas no Plan Estratéxico da Política Agrícola Común, e se modifican varios reais decretos polos que se regulan distintos aspectos relacionados



coa aplicación en España da Política Agrícola Común para o período 2023-2027, en relación á aplicación de reducións, sancións e exclusións.

A aceptación da axuda implica a obriga de asumir a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no ámbito de xestión da entidade, así como a comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude no ámbito do Feader.

### **DÉCIMA. Propiedade intelectual e publicidade**

A propiedade intelectual dos traballos e dos datos obtidos no desenvolvemento do presente convenio pertencerá á Consellería do Medio Rural e á INORDE. A Consellería do Medio Rural e INORDE poderán publicar datos e resultados parciais ou finais obxecto do presente convenio sen ningunha limitación. En calquera caso, a difusión por calquera das partes de información relativa ao presente convenio deberá facer mención expresa a este.

Nos documentos e carteis executados en desenvolvemento do presente Convenio, faranse constar os símbolos de identidade corporativa das entidades intervenientes consonte co disposto no Decreto 112/2021, do 22 de xullo, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia, e conforme ao disposto no Regulamento de Execución (UE) 2022/129, da Comisión, do 21 de decembro de 2021 polo que se establecen normas para os tipos de intervención relativos ás sementes oleaxinosas, o algodón e os subprodutos da vinificación en virtude do Regulamento (UE) 2021/2115, do Parlamento Europeo e do Consello, así como para os requisitos en materia de información, publicidade e visibilidade relacionados coa axuda da Unión e os plans estratéxicos da PAC e na Instrución ARX PEPAC 01/2023 Información, Publicidade e Visibilidade.

Así mesmo, as persoas beneficiarias deberán atender, no que se refire ás obrigas de información e publicidade, ao disposto no Regulamento de Execución (UE) 2022/129, da Comisión, do 21 de decembro de 2021 polo que se establecen normas para os tipos de intervención relativos ás sementes oleaxinosas, o algodón e os subprodutos da vinificación en virtude do Regulamento (UE) 2021/2115, do Parlamento Europeo e do Consello, así como para os requisitos en materia de información, publicidade e



visibilidade relacionados coa axuda da Unión e os plans estratéxicos da PAC e na Instrución ARX PEPAC 01/2023 Información, Publicidade e Visibilidade.

### **UNDÉCIMA. Resolución**

Son causas de resolución do presente convenio: o incumprimento total ou parcial dalgunhas das súas cláusulas, o transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas, e as modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita da Consellería do Medio Rural.

### **DUODÉCIMA. Transparencia**

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

### **DÉCIMO TERCEIRA. Protección de datos de carácter persoal**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de



Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

De conformidade co artigo 99 do Regulamento (UE) 2021/2116, infórmase ao INORDE, como parte beneficiaria deste convenio, da publicación dos datos que lle concirne na lista de operacións seleccionadas para recibir axuda do FEADER segundo o previsto no artigo 49 do Regulamento 2021/1060 e de que ditos datos poderán ser tratados por organismos de auditoría e investigación da Unión e dos Estados membros para protexer os intereses financeiros da Unión.

#### **DÉCIMO CUARTA. Natureza do convenio**

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación.

Este Convenio rexerese polas súas propias cláusulas. Para todo o non previsto nas súas cláusulas estarase ao previsto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/ 2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (BOE nº 236 do 2 de outubro), no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril), na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto), e demais normativa de aplicación.

#### **DÉCIMO QUINTA. Vixencia do convenio e financiamento**

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, que en ningún caso será anterior ao 1 de setembro de 2025, e producirá efectos dende esa data ata o 31 de decembro de 2027.



O custo total das actividades previstas no convenio ascende a un total de trescentos noventa e dous mil setecentos euros (392.700,00 €), entre os que se atopan os cento noventa e seis mil trescentos cincuenta euros (196.350,00 €) nos que se valoran as actuacións a realizar polo INORDE, así como os cento noventa e seis mil trescentos cincuenta euros (196.350,00 €) que serán sufragados pola Consellería do Medio Rural.

O orzamento anterior farase efectivo como segue:

A Consellería do Medio Rural, co fin de facilitar a execución conxunta das accións compensará ao INORDE ata un máximo de cento noventa e seis mil trescentos cincuenta euros (196.350,00 €), polos gastos nos que incorra.

Estes gastos financiaranse con cargo á subintervención 65052\_01 do Plan Estratégico da PAC de España, para Galicia, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) cunha porcentaxe de financiamento do 80%, o 16% correspondería ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e o 4% restante á Xunta de Galicia, aplicación orzamentaria 15.04.713C.640.9 do código proxecto 2025 00136 e desagregase nas seguintes anualidades.

ORGANISMO	2025	2026	2027	TOTAL
Consellería do Medio Rural Aplicación orzamentaria 15.04.713C.640.9 Cód. proxecto: 2025 00136	28.350,00 €	84.000,00 €	84.000,00 €	196.350,00 €

Así mesmo, o INORDE realizará unha achega valorada en cento noventa e seis mil trescentos cincuenta euros (196.350,00 €) para financiar as actuacións deste convenio.

ORGANISMO	2025	2026	2027	TOTAL
INORDE	28.350,00 €	84.000,00 €	84.000,00 €	196.350,00 €



A Consellería do Medio Rural, fará efectiva as súas achegas logo da correspondente xustificación, segundo se establece na cláusula quinta, e previa presentación por parte do INORDE das facturas que se correspondan cos gastos incorridos para o desenvolvemento das actividades previstas neste convenio, tras ser validadas polos servizos técnicos da Subdirección Xeral de Gandaría.

O Imposto sobre o valor engadido, excepto cando non sexa recuperable conforme á lexislación nacional sobre IVE, non é financiable tal e como se recolle no artigo artigo 29.8, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Calquera variación normativa que leve aparellados cambios respecto ao IVE dará lugar á modificación deste convenio a través da correspondente addenda.

#### **DÉCIMO SEXTA. Plan, intervención e obxectivo específico.**

As accións recollidas no presente convenio se financian en virtude da intervención 65052 Actividades de conservación de recursos xenéticos NON SIXC, subintervención 65052\_01 Asociacións para a preservación dos recursos gandeiros, obxectivo específico 6: "Contribuír a deter e revertir a perda de biodiversidade, potenciar os servizos ecosistémicos e conservar os hábitats e as paisaxes" con indicador de output O.19 (Número de operacións ou unidades en favor dos recursos xenéticos) do Plan Estratéxico da PAC de España, para Galicia para o período 2023-2027, cofinanciado polo FEADER.

E en proba de conformidade, asinan este convenio de colaboración na data da sinatura dixital.

Pola Consellería do Medio Rural

Polo INORDE

A conselleira do Medio Rural

O presidente do INORDE

María José Gómez Rodríguez

Rosendo Luis Fernández Fernández



## ANEXO I MECANISMOS DE MODERACIÓN DE CUSTOS

Tal e como se establece na Cláusula Quinta, as actuacións descritas no presente convenio, estarán sometidas a un sistema axeitado de avaliación de custos:

De acordo co establecido no artigo 82 do Real Decreto 1047/2022, do 27 de decembro, polo que se regula o sistema de xestión e control das intervencións do Plan Estratéxico e outras axudas da Política Agrícola Común, os controis administrativos incluírán a comprobación por parte da unidade xestora do sistema empregado para a moderación de custos.

**O control de custos avaliarase en todos os casos mediante a comparativa de tres ofertas diferentes**, as cales procederán en todos os casos de provedores acreditados e independentes. As ofertas serán detalladas e incluírán os mesmos elementos para facilitar a súa comparación. Consideraranse aquelas que ofrezan a mellor relación de calidade do servizo ou material, en relación co prezo das mesmas. No caso de non escoller a proposta económica máis vantaxosa deberán xustificarse expresamente nunha memoria as motivacións desta elección.

No caso en que non existan no mercado provedores suficientes para cumprir co establecido no parágrafo anterior, esta circunstancia xustificarse expresamente na memoria de moderación de custos.

### PERSOAL :

A asignación de custes, no eido de persoal, ven determinada pola dedicación que o persoal ten ás actuacións do convenio, namentres que o importe dos salarios veñen establecidos nos orzamentos anuais do INORDE.

- Un técnico veterinario.
- Un administrativo cunha dedicación parcial, para as tarefas de tratamento de datos, xestións organizativas e comunicacións, coordinación e administración.
- Un peón, cunha dedicación parcial, para a realización da manutención de animais e o seu coidado e manexo.



## ANEXO II CADRO DE PREVISIÓN DE ACTUACIÓN E CUSTOS ANUAIS

Os importes por concepto e tipo de gasto reflectidos no cadro corresponden a cálculos estimados durante cada un dos tres anos de vixencia do convenio, que poderán ser obxecto de variacións no momento da xustificación das actuacións, en función das actividades desenvolvidas e os obxectivos acadados.



CONCEPTO		TIPO DE TRABAJO	IMPORTE 2025	ACHEGA CONSELLERÍA MEDIO RURAL	ACHEGA INORDE
PERSONAL E TAREFAS DE CONSERVACIÓN EX SITU	Persoal técnico	- Elaboración, redacción e control do programa. - Caracterización e selección de animais. - Estudos e inventariado de recursos.	20.979,00 €	10.489,50 €	10.489,50 €
	Persoal administrativo e de campo	- Tratamento de datos, xestión, organización e comunicacións, coordinación e administración. - Preparación e coidado dos animais e das instalacións.	24.381,00 €	12.190,50 €	12.190,50 €
	Outros gastos	- Gastos de manutención dos animais.	11.340,00 €	5.670,00 €	5.670,00 €
<b>TOTAL</b>			<b>56.700,00 €</b>	<b>28.350,00 €</b>	<b>28.350,00 €</b>



CONCEPTO		TIPO DE TRABAJO	IMPORTE 2026	ACHEGA CONSELLERÍA MEDIO RURAL	ACHEGA INORDE
PERSONAL E TAREFAS DE CONSERVACIÓN EX SITU	Persoal técnico	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración, redacción e control do programa.</li> <li>- Caracterización e selección de animais.</li> <li>- Estudos e inventariado de recursos.</li> </ul>	62.160,00 €	31.080,00 €	31.080,00 €
	Persoal administrativo e de campo	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tratamento de datos, xestión, organización e comunicacións, coordinación e administración.</li> <li>- Preparación e coidado dos animais e das instalacións.</li> </ul>	72.240,00 €	36.120,00 €	36.120,00 €
	Outros gastos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Gastos de manutención dos animais.</li> </ul>	33.600,00 €	16.800,00 €	16.800,00 €
<b>TOTAL</b>			<b>168.000,00 €</b>	<b>84.000,00 €</b>	<b>84.000,00 €</b>



CONCEPTO		TIPO DE TRABAJO	IMPORTE 2027	ACHEGA CONSELLERÍA MEDIO RURAL	ACHEGA INORDE
PERSONAL E TAREFAS DE CONSERVACIÓN EX SITU	Persoal técnico	- Elaboración, redacción e control do programa. - Caracterización e selección de animais. - Estudos e inventariado de recursos.	62.160,00 €	31.080,00 €	31.080,00 €
	Persoal administrativo e de campo	- Tratamento de datos, xestión, organización e comunicacións, coordinación e administración. - Preparación e coidado dos animais e das instalacións.	72.240,00 €	36.120,00 €	36.120,00 €
	Outros gastos	- Gastos de manutención dos animais.	33.600,00 €	16.800,00 €	16.800,00 €
<b>TOTAL</b>			<b>168.000,00 €</b>	<b>84.000,00 €</b>	<b>84.000,00 €</b>



### ANEXO III MEMORIA ECONÓMICA

De acordo co establecido na Cláusula Quinta, toda xustificación virá acompañada dunha memoria económica en formato dixital que incluirá como mínimo os seguintes campos:

PROVEDOR NOME

PROVEDOR NIF

CONCEPTO

DATA FACTURA

Nº FACTURA

BASE IMPOÑIBLE /SALARIO LÍQUIDO A PERCIBIR

IVE/SS EMPRESA

SS TRABALLADOR

IRPF

FACTURA/NÓMINA (OUTROS CONCEPTOS)

TOTAL FACTURA/ CUSTO TRABALLADOR

DATA PAGO

PORCENTAXE IMPUTADA

TOTAL IMPUTADO

